

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311Y6	CON/30/2019	26-11-19 13:43

Número 25 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento".

Destinatario

15078DCMG1311Y62



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 25 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "PRESTACIÓN DO SERVIZO CURSOS DE FORMACIÓN NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO: BOMBEIROS DE NOVA INCORPORACIÓN E DE PROMOCIÓN INTERNA A SARXENTO".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 14 de novembro de 2019, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2019/1131 de data 21.11.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Gonzalo Muños Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, e presidente da mesa de contratación da licitación "Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311Y6	<i>Expediente</i> CON/30/2019	<i>Fecha</i> 26-11-19 13:43

Primeiro: Con data 31 de outubro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador PEDRO PABLO GUTIERREZ BUJAN.

Segundo: Con data 14 de novembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor de PEDRO PABLO GUTIERREZ BUJAN (CIF: 33258111L), por un importe de **45.500 euros** (IVE exento), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Parque de Bombeiros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 22606**, transformándose o expediente en anticipado de gasto, xa que a facturación dos traballos non se realizará ata o vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nel."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "**Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento**", a favor de PEDRO PABLO GUTIERREZ BUJAN (CIF: 33258111L), por un importe de **45.500 euros** (IVE exento), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Parque de Bombeiros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311Y6	<i>Expediente</i> CON/30/2019	<i>Fecha</i> 26-11-19 13:43

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 22606, transformándose o expediente en anticipado de gasto, xa que a facturación dos traballos non se realizará ata o vindeiro exercicio orzamentario, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nel.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada



